FALTAS LEVES (L):

FALTA	CORRECCIÓN	RESPONSABLE
Impuntualidade reiterada do recreo	Comunicación aos pais polo titor/a a través de Educamos). Se acumula outros 5 atrasos comunicación por parte do Coordinador/a de etapa ou dirección.	Titor/a Coordinador/a
Corredores (correr, saltar, fóra da aula nos intercambios...).	Amoestación verbal (repetir ben o que se fixo mal).	Profesor/a Titor/a
Non se comporta con corrección nos intercambios de clase.		
Non pedir permiso para entrar ou erguerse na aula.	Amoestación verbal.	Profesor/a aula
Vocabulario despectivo.	Comunicación aos pais por Educamos.	Profesor/a
Uso de móbiles, reprodutores de música, smartwatch... dentro do recinto escolar sen autorización	Retirada ata a súa recollida por parte da familia.	Profesor/a Coordinador/a
Usar gorras dentro do edificio.	Amoestación verbal.	Profesor/a
Uniforme incorrecto.	Amoestación verbal	Profesor/a
Quedar na aula durante o recreo sen profesor.	Está prohibido, o profesor debe pechar a aula con chave.	Profesor/a
Ir ao baño sen permiso do profesor fora dos tempos de descanso	Amoestación verbal	Profesor/a
<ul style="list-style-type: none">➤ Acudir reiteradamente sen o material escolar necesario (incluído ordenador cargado correctamente).➤ Non trouxo unha nota asinada (2º aviso).	Amoestación verbal	Profesor/a
Non respectar o material escolar do centro e/ou dos compañeiros ou o uso sen permiso do mesmo (dispositivos móbiles).	Amoestación verbal	Profesor/a Titor/a



<p>Actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Perturba as clases coas súas interrupcións fora de lugar. ➤ Fai caso omiso da presenza do profesor cando este entra na aula. ➤ Hai que chamarlle a atención con frecuencia. ➤ Acostuma a falar moito cos seus compañeiros. ➤ A súa falta de atención dificulta o traballo dos compañeiros. ➤ Coa súa actitude negativa dificulta o traballo da clase. ➤ Non tivo un comportamento axeitado durante o recreo. ➤ Non cumpre o protocolo de dispositivos móbiles 	<p>Amoestación verbal – comparecencia ante o titor - Director/a da sección.</p>	<p>Titor/a Profesor/a Dirección DOE</p>
--	---	---

FALTAS GRAVES (D) OU MOI GRAVES (G) SEGUNDO IMPLIQUEN EXPULSIÓN DIRECTA:

FALTA	CORRECCIÓN	RESPONSABLE
<p>Abandonar a aula sen permiso do profesor ou saír do recinto escolar sen autorización.</p>	<p>Comunicación urxente á familia - Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección – expulsión do centro segundo gravidade.</p>	<p>Titor/a Coordinador/a</p>
<p>Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra membros da comunidade educativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Faltoulle ao respecto ao profesor. ➤ Non é respectuoso co persoal do centro. ➤ Falta de respecto gravemente a un compañeiro. 	<p>Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección – expulsión do centro segundo gravidade.</p>	<p>Titor/a Profesor/a Dirección DOE</p>
<p>A agresión grave física ou moral contra os membros da comunidade</p>	<p>Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da</p>	



educativa ou a discriminación por raza, sexo, capacidade económica, nivel social, relixión ou discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas.	sección – expulsión do centro segundo gravidade.	
Suplantación da personalidade en actos da vida docente e falsificación ou substracción de documentos.	Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección– expulsión do centro segundo gravidade.	
Os danos graves causados por uso dos locais, materiais, dispositivos móbiles, documentos académicos do centro ou doutros membros da comunidade educativa.	Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección – expulsión do centro segundo gravidade - reposición de danos.	
As accións prexudiciais para a saúde e/ou a integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación ás mesmas.	Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección– expulsión do centro segundo gravidade.	
Actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.	Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección– expulsión do centro segundo gravidade.	
O incumprimento das sancións impostas.	Amoestación - Comparecencia inmediata ante o director da sección– expulsión do centro segundo gravidade.	
Uso inadecuado dos dispositivos móbiles (ordenador)	Amoestación verbal – comparecencia ante o titor - Director/a da sección. Información a través de educamos aos pais/nais ou titores legais.	
Gravar e/o difundir audios, imaxes, fotografías... ou atentar contra a integridade moral de calquera membro da comunidade educativa empregando todo tipo de medios dixitais, como redes sociais, plataformas de videoconferencia, etc.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e coordinador – Expulsión	



PROCESO DISCIPLINARIO :

5 L	Supón 1 D (titor)
5ºL (profesor)	O profesor fala co/a alumno/a no recreo facéndolle reflexionar sobre o seu comportamento.
1ª(D)	O titor fala co/a alumno/a no recreo lembrándolle as normas de convivencia e o proceso disciplinario que se seguirá se non as respecta.
2ª (D)	A CCP trata o tema e decide medidas a tomar (exemplo: reunión do coordinador CCP co alumno e/ou familia, xuntanza co titor...) O titor amoesta en privado ao alumno no recreo e elabórase unha carta de aviso de mal comportamento que o titor entrega aos pais en man.
3ª (D)	O titor fala co/a alumno/a no recreo para que sexa consciente da súa actitude. Ofréceselle a posibilidade de establecer un compromiso persoal. Se en 25 días lectivos despois do compromiso o alumno non acumula ningunha falta, restaráselle 1 D. Aqueles alumnos que teñan acumuladas 3 D (faltas graves) non asistirán á saída programada seguinte. De non acumular máis faltas leves ou graves, poderán asistir ás seguintes saídas. No caso de seguir acumulando faltas leves ou graves, non poderán asistir ás saídas programadas.
4ª (D)	O director de sección decreta que durante unha semana estará facendo traballos específicos en horario de recreo e na aula inclusiva. Carta de aviso de expulsión que será entregada polo/a director/a da sección en entrevista persoal cos pais, pedíndolles que tomen medidas para que non se repita a situación.
5º (D)	A CCP trata o tema e decide medidas a tomar (exemplo: reunión do coordinador CCP co alumno e/ou familia, xuntanza co titor...) Durante unha semana, o alumno en horario de recreo acudirá á aula inclusiva a desenvolver un programa de habilidades sociais.
6ª (D)	* Convócase aos pais para informarlles da expulsión por tres días. Mándaselle traballo para eses tres días.



	<p>* O/A director/a entrega a carta de expulsión explicando os motivos da mesma. Tamén lles lembra ás familias as medidas que se irán tomando se o alumno non cambia de conduta.</p> <p>O/A director/a comunicará á clase cal foi o motivo da expulsión.</p>
--	--

* Atendendo a normativa vixente, terase en conta o establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación na comunidade educativa; así como o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

Normas de organización e funcionamento

- a) É necesario, para o bo funcionamento do Centro e un proceso adecuado de aprendizaxe, que todos os alumnos e alumnas acudan a leste con puntualidade e de forma regular. Os alumnos deben:
- asistir a todas as clases e xustificar as súas faltas de asistencia segundo o procedemento establecido polo Centro.
 - ser puntuais en todos os actos programados polo Centro nos que deban participar. Así mesmo, esíxese máxima puntualidade na entrada a todas as clases, e de forma moi particular á primeira hora. As portas do Centro abíranse ás 8:20 horas; as clases iniciaranse ás 8:25 horas. Aos alumnos que cheguen con atraso aplicaráselles o procedemento recolleito neste NOF.
- b) Os alumnos deben manter unha actitude correcta dentro do recinto escolar. Nas súas instalacións ou dependencias, os alumnos non poden utilizar, usar ou portar sobre a cabeza gorras, viseras, chapeus, panos, carapuchas ou similares, nin tampouco pezas que impidan a súa identificación, excepto por prescrición médica debidamente acreditada.
- c) Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, smartwatches ou calquera outro dispositivo electrónico nin tampouco obxectos que poidan distraer ao propio alumno, aos seus compañeiros ou interromper ao profesor en todo o recinto escolar.
- d) Os alumnos non poden permanecer sen motivo algún en corredores, patios, cafetería ou outras dependencias do Centro durante as horas de clase, nin en calquera outro lugar non autorizado para tal fin ou destinado a outras actividades durante as horas de recreo. Entre clases, só poderán saír da aula, con permiso dun profesor, os alumnos que necesiten ir ao servizo ou que deban recibir a seguinte clase noutro lugar do Centro. O resto de alumnos permanecerá na aula.
- e) Os alumnos desprazaranse polo Centro de maneira ordenada e sen berros, respectando o traballo do resto dos grupos.
- f) Durante o recreo e o tempo de comedor, os alumnos non poden permanecer nas aulas, corredores nin escaleiras. É responsabilidade de cada Profesor asegurarse de que todos os alumnos abandonasen a clase.



- g) Todos deberán colaborar a que as dependencias do Centro (patio, baños e aulas estean limpas), utilizando en todo momento as papeleiras que teñen á súa disposición. e) Non se deixarán obxectos de valor nin diñeiro nas aulas. O centro non se responsabiliza das perdas ou posibles furtos.
- h) Non se permite realizar fotografías nin vídeos dos alumnos nin do profesorado dentro das dependencias do Centro, no transporte escolar ou nas actividades e visitas extraescolares, excepto nos actos nos que se conte con autorización previa.
- i) Os alumnos non poden manipular ou utilizar de forma inadecuada calquera dos medios materiais con que conta o Centro en materia de seguridade e prevención.
- j) Só os alumnos de Bacharelato poden permanecer na sala anexa á cafetería do Centro en períodos de recreo ou sempre que o autorice algún Profesor. i) Os alumnos deben permanecer nos períodos de recreo nos patios asignados para ese efecto.
- k) Os alumnos non poden saír do Centro ata a finalización da súa xornada escolar, excepto nos casos contemplados neste NOFC. Para iso terán que entregar o rexistro Comunicación Centro-Pais debidamente cumprimentado.
- l)) Uniformidade do Centro. O uso do uniforme escolar é obrigatorio. O unifoe representa ao Centro. O seu uso evita distincións de tipo social ou ideolóxico. levará sempre con corrección, completo e limpo. Todas as pezas deben ir marcadas co nome, apelidos e curso do alumno, en lugar visible e de maneira que non se borre (bordado, rotuladores indelebles etc.). O Centro non se fai responsable das pezas extraviadas polos alumnos.

Conduas contrarias ás normas de convivencia en ESO e Bacharelato e a súa corrección.

FALTAS LEVES (L)		
FALTA	CORRECCIÓN	RESPONSABLE
Impuntualidade reiterada.	Recreo vixiado por parte dun membro da CCP. O titor comunica á CCP. Con 5 atrasos o alumno quedará sen recreo durante 1 día. A partir dese momento, independentemente da avaliación, cada 5 atrasos máis suporá 1 falta leve, e a acumulación de 3 faltas leves por este mesmo motivo suporá 1 falta grave, e así sucesivamente. Cando se acade unha falta grave, o alumno ademais quedará de novo castigado sen recreo durante 1 día.	Titor/a CCP
Corredores (correr, saltar, fóra da aula nos intercambios, golpear taquillas...).	Amoestación verbal e comunicación á familia (Educamos).	Profesor/a Titor/a
Non pedir permiso para entrar ou erguerse na aula.	Amoestación verbal e comunicación á familia (Educamos).	Profesor/a aula
Vocabulario despectivo.	Amoestación verbal e comunicación á familia (Educamos).	Profesor/a



Usar tippex de líquido.	Amoestación verbal e retirada do tippex.	Profesor/a
Uniforme incorrecto. Na aula non se pode ter posto o abrigo, plumífero, cazadora o suadoiro que non sexa a do colexo.	1ª vez amoestación verbal ao alumno/a e comunicación á familia (Educamos). Se hai reiteración significativa, un L cada vez que veña mal uniformado (independentemente do profesor/materia implicado/a).	Profesor/a CCP
Acudir sen axenda ou material escolar (incluído ordenador cargado correctamente).	Amoestación verbal e comunicación á familia (Educamos).	Profesor/a
Non respectar o material escolar do centro e/ou dos compañeiros.	Amoestación verbal e comunicación á familia (Educamos). Reposición e pedir desculpas.	Profesor/a Titor/a
Actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro.	Amoestación verbal e comunicación á familia (Educamos) – Comparecencia ante o titor-coordinador.	Profesor/a Titor CCP
Usar gorras dentro do edificio.	Amoestación verbal e, se hai reiteración, retirada durante unha semana.	Profesor/a
Comer nas aulas ou nos corredores. Ter chicle. Para beber auga na clase deben de pedir permiso ó profesor/a.	Amonestación verbal e comunicación a familia	Profesor/a
Ensuciar las instalaciones interiores y exteriores	Amoestación verbal, recollida ou limpeza e no caso de negarse, falta leve.	Profesor/a

OBSERVACIÓNS:

3 faltas Leves convértense nunha falta D. O cómputo é en xeral, non é en cada materia.

FALTAS GRAVES (D)		
FALTA	CORRECCIÓN	RESPONSABLE
Uso de dispositivos móbiles (teléfonos, reprodutores de música, smartwtach...).	Comunicación á familia (Educamos) – Confiscación do móbil. No caso do alumnado de bacharelato non poderían utilizalo para ningunha actividade programada.	Profesor/a Xefatura de Estudos
Non presentarse a unha medida educativa de corrección.	Amoestación e cumprimento da medida – Comparecencia ante o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	Profesor/a Titor/a CCP



Acumulación de 3 faltas leves por impuntualidade reiterada.	Comunicación á familia (Educamos) - Comparecencia ante o coordinador.	Titor/a CCP
A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas contrarias ás normas de convivencia do centro. Reiteración de faltas leves. Tres faltas leves nunha mesma materia é unha falta grave.	Amoestación – Comparecencia ante o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	Titor/a Profesor/a Coordinador/a Xefatura Dirección DOE
Actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.	Amoestación – Comparecencia ante o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	
O incumprimento das sancións impostas.	Amoestación – Comparecencia ante o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	
Uso de palabras malsonantes. (insulto, grosería, obscenidade, vulgaridade,...)	Amoestación – Comparecencia ante o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	

FALTAS MOI GRAVES (G)		
FALTA	CORRECCIÓN	RESPONSABLE
Abandonar a aula sen permiso do profesor ou saír do recinto escolar sen autorización.	Comunicación urgente á familia – Comparecencia ante o titor e o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	Titor/a CCP
Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra membros da comunidade educativa.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	Titor/a Profesor/a Coordinador/a Xefatura Dirección DOE
Suplantación da personalidade en actos da vida docente e falsificación ou subtracción de documentos.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	
Os danos graves causados polo uso dos locais, material, documentos académicos do centro ou doutros membros da comunidade educativa.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e o coordinador – Reparación dos danos causados ás instalación / material ou pertenzas dos membros da comunidade educativa – Expulsión do centro segundo gravidade.	
A agresión grave física ou moral contra os membros da comunidade educativa ou a discriminación por raza, sexo, capacidade económica, nivel social, relixión ou discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	



As accións prexudiciais para a saúde e/ou a integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación ás mesmas.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e o coordinador – Expulsión do centro segundo gravidade.	
Gravar e/o difundir audios, imaxes, fotografías... ou atentar contra a integridade moral de calquera membro da comunidade educativa empregando todo tipo de medios dixitais, como redes sociais, plataformas de videoconferencia, etc.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e coordinador – Expulsión	
Utilizar expresións racistas, machistas, homófobas e todo tipo de comentarios despectivos.	Amoestación – Comparecencia ante o titor e coordinador – Expulsión	

OBSERVACIÓNS:

Lémbrese ao alumnado que “gravar e difundir” implica todo tipo de dispositivo móbil (teléfono, ordenador, etc.). Uso do móbil no centro:

Móbil gardado durante toda a xornada.

Falta D si os profesores ven o móbil.

No caso de que ao alumno se lle confisque o móbil e o precise para unha actividade, a cualificación na mesma será de O (so en bacharelato por no ter dispositivos móbiles).

PROCESO DISCIPLINARIO

Ao producirse a 1ª falta grave (D ₁)	O profesor/ titor (en caso de acumulación de faltas L en distintas materias), fala co/a alumno/a nun lugar e momento que lle permita a súa dispoñibilidade facéndolle reflexionar sobre o seu comportamento.	Profesor/a Titor/a
Ao producirse a 2ª falta grave (D ₂)	O titor fala co/a alumno/a e lémbrralle as normas de convivencia e o proceso disciplinario a seguir se non as respecta. Fai fincapé no feito de que á próxima falta grave, con D ₃ , perde o dereito de asistir ás saídas do centro e ás excursións.	Titor/a
Ao producirse a 3ª falta grave (D ₃)	Recóllese a información. Amoéstase de maneira privada ao alumno e elabórase unha carta de aviso de mal comportamento que o titor entrega aos pais en man, avisando de que o alumno/a perde o dereito de asistir ás saídas e ás excursións do Colexio. Aínda así, o alumno/a pode por bo comportamento durante un mes, recuperar o dereito de ir ás saídas ou á excursión, rectificando a súa actitude, polo que se lle restaría unha falta grave. Para iso, o titor e o delegado de clase falan co/a alumno/a, que cube a folla de compromiso .	Titor/ a CCP
Ao producirse a 5ª falta grave (D ₅)	O alumno manterá unha xuntanza con membros da CCP para lembrarlle as normas de convivencia e disciplina e o proceso disciplinario a seguir se non as respecta.	Titor CCP
Ao producirse a 6ª falta grave (D ₆)	Recóllese a información. Elabórase unha carta de aviso de expulsión , que debe ser entregada polo xefatura de estudos en entrevista persoal cos pais, pedíndolles que tomen medidas para que non se repita a situación.	Coordinador de ciclo CCP



Ao producirse a 7ª falta grave (D ₇)	Durante varias sesións, acudirá ao despacho da CCP correspondente ou DOE a desenvolver un programa de habilidades sociais para reconducir a súa conduta.	Titor/a CCP / DOE
Ao producirse a 9ª falta grave (D ₉)	En horario de clase, acudirá en varias sesións ao despacho da Xefatura de Estudos ou DOE. Tamén se tomará esta medida para un alumno que, sen establecerse a expulsión, faltara ao respecto a algún membro da comunidade educativa.	Titor/a Xefa de Estudos DOE
Ao producirse a 10ª falta grave (D ₁₀)	Convócase aos pais para informarlles da expulsión do centro durante varios días (aplicarase o RRI), mándanselle traballos para eses días e o director entrégalles a carta de expulsión. Ademais, o director lémbrale á familia as medidas que se irán tomando se o alumno non cambia de conduta, antes de chegar a una nova expulsión. O director aclara á clase cal foi o motivo da expulsión	Titor/a Xefatura de Estudos Director/a
Ao producirse a 13ª falta grave (D ₁₃)	En horario de clase, acudirá en varias sesión ao despacho da Xefatura de Estudos ou Dirección.	Titor/a Xefatura de Estudos Dirección
Ao producirse a 15ª falta grave (D ₁₅)	Carta de aviso de apertura de expediente.	Titor/a Xefatura de Estudos
Ao producirse a 18ª falta grave (D ₁₈)	O alumno será derivado ao DOE para que desenvolva un programa de modificación de conduta e de habilidades sociais.	Titor/a Xefatura de Estudos DOE
Ao producirse a 19ª falta grave (D ₁₉)	Folla de compromiso.	Titor/a
Ao producirse a 20ª falta grave (D ₂₀)	Inicio de apertura de expediente por 15 días. O director informa á clase cal foi o motivo da expulsión.	Titor/a Xefatura de Estudos Director/a
Ao producirse a 25ª falta grave (D ₂₅)	Carta de aviso de novo expediente.	Titor/a Xefatura de Estudos Director/a
Ao producirse a 30ª falta grave (D ₃₀)	Inicio de apertura expediente 30 días.	Titor/a Xefatura de Estudos Director/a

* Atendendo a normativa vixente, terase en conta o establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación na comunidade educativa; así como o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar



USO DE TELÉFONOS MÓBILES E DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS (recollido no protocolo sobre o tema)

- Prohibese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos e non lectivos da xornada escolar. Incluindo entradas e saídas do centro, tempos de recreo, tempos de comedor escolar e as actividades complementarias e extraescolares. Excepcionalmente, permítese a súa correcta utilización como ferramenta pedagóxica baixo a supervisión do profesorado. A dirección do centro ou, de non ser posible, o profesorado, poderán autorizar o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestión de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso.
- De traer o móbil ó colexio, este terá que estar apagado e gardado durante toda a xornada na mochila.
- De non cumprir estas normas, o profesorado poderá retirarlle o móbil e poñer una falta D ao alumno/a que o estea utilizando. O aparello será entregado a un cargo directivo, que o gardará ata o final dese día.
- No caso de reincidencia neste tipo de faltas aplicaráselle ao alumno/a as correccións correspondentes ás condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.
- No caso de que ao alumno se lle retire o móbil por úsalo no centro, tampouco se poderá usar nas dinámicas autorizadas para uso educativo.
- O centro non se fai responsable das perdas ou subtraccións que dos mesmos puideran producirse, sendo o seu propietario/a o único responsable.
- Dacordo coa lexislación vixente, non está permitido gravar, manipular ou difundir por calquera medio, imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa.
- No caso de que algún membro da comunidade educativa fora obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o centro poderá poñer os feitos a disposición das autoridades pertinentes ademais da aplicación das correccións correspondentes ás condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.
- Durante as actividades complementarias ou extraescolares realizadas fóra do centro, poderán utilizarse os móbiles e demais dispositivos electrónicos, unicamente se o autoriza o profesorado responsable da actividade.
- Considerarase falta gravemente prexudicial para a convivencia o uso do teléfono móbil no colexio para gravar e/ou difundir imaxes ou vídeos nas redes sociais.

11. AVALIACIÓN

O profesorado ten a obriga de facer explícitos os obxectivos e os criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo.

O profesorado deberá mostrar ó alumnado que así o solicite ou reclame os exames ou outros instrumentos de avaliación/probas escritas debidamente corrixidas e cualificadas. Se algún alumno ou alumna non asiste a clase por falta xustificada poderá solicitar de forma expresa, ver o exame ou proba escrita, no prazo dunha semana.



En cada curso académico e para cada grupo realizaranse as sesións de avaliación e cualificación que regulamentariamente se establezan, as cales serán fixadas pola Xefatura de Estudos (artigo 27 da Orde do 12 de xullo de 2011).

O profesorado ten a obriga de introducir as cualificacións no programa informático EDUCAMOS e XADE dentro do prazo marcado polo sistema de xestión de calidade

NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EXAMENS EN ESO E BACHARELATO

- O alumnado non debe faltar á realización dos exames, ás clases nas horas anteriores á realización dunha proba. Se se falta, o alumno deberá aportar xustificante médico orixinal.
- Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despregados para verificar que non se usan dispositivos auditivos non permitidos.
- Enriba da mesa o alumnado só poderá ter o material imprescindible para a realización do exame (bolígrafo azul ou negro, lapis, goma, típex de cinta, así como dicionario, calculadora e útiles para debuxo ou plástica, de ser o caso).
- Material non permitido:
 - o Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes (smartwatch) ou calquera outro dispositivo electrónico, que deberá permanecer apagado e recollido. No caso dos reloxos intelixentes, tampouco se poden utilizar en modo reloxo convencional.
 - o A presenza de material non permitido será motivo de medida disciplinaria: retiraráselle o material ao alumno ou alumna e o exame será cualificado con 0 puntos.
- Copia e sancións:
 - o No caso de que un profesor ou profesora detecte algún alumno ou alumna copiando ou non respectando estas normas, despois da súa identificación, o exame será cualificado con 0 puntos.

SOLICITUDE E ENTREGA DE COPIAS DE PROBAS ESCRITAS ÁS FAMILIAS

PROCEDEMENTO

1. Sendo o exame/control/proba escrita un recurso educativo máis no proceso de avaliación continua, a solicitude de copia dos mesmos terá un **carácter extraordinario**, e expedirase de maneira individualizada previa **SOLICITUDE MOTIVADA** da familia.
2. Non se facilitarán copias de exames/controis/probas escritas correspondentes a cursos escolares rematados, ou a períodos de avaliación concluídos.
3. Antes de procederse á solicitude de entrega da copia poderase manter unha reunión coa persoa titora do alumno ou alumna afectado co seu pai, nai ou representante legal, ou coa persoa titular da Dirección da etapa.
4. A entrega da copia terá por finalidade a colaboración na identificación dos recursos necesarios para a mellora do rendemento académico do alumnado e non para a revisión da cualificación. As revisión da cualificación das probas ordinarias ou extraordinarias, ou os procesos de reclamación relativos á decisións de promoción ou titulación, deberá seguir o procedemento de reclamación establecido especificamente pola Consellería de Educación.
5. Aos efectos da protección de datos, faise constar que a difusión das copias entregadas a terceiras persoas non está autorizada.



COMPROMISOS DOS PAIS, NAIS E TITORES

Primeiro.- Os procesos de avaliación esixen a colaboración da familia, polo que, para valorar a solicitude de acceso á copia do exame/control/proba escrita, terase en conta o seguinte:

- a) A adopción das medidas necesarias para que a asistencia e participación do seu fillo ou na actividade escolar sexa regular e comprometida, de acordo co deber de alumnado de asistir a clase.
- b) O interese por coñecer regularmente e apoiar a evolución do proceso formativo.
- c) O estímulo ao alumno ou alumna para que se desenvolvan as actividades ou tarefas encomendadas no domicilio familiar.
- d) A participación nas entrevistas e reunións convocadas polo persoal docente do centro en relación co seu proceso de atención educativa.
- e) A información facilitada ao equipo docente aqueles aspectos e/ou circunstancias referidas á personalidade e circunstancias específicas do alumno ou alumna relevantes para a relación co equipo docente en relación co proceso formativo e orientador.

Segundo.- Os pais, nais e titores legais son os responsables de manter a confidencialidade da copia ou copias facilitadas, e se comprometen a custodialas durante o seu uso, e a súa eliminación unha vez utilizada, para evitar perdas ou difusión non autorizadas.

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, advírtese que a difusión a terceiros das copias facilitadas non está autorizada.

Terceiro.- O colexio poderá denegar futuras peticións de copias no suposto de utilización inadecuada ou difusión non autorizada dalgunhas das copias proporcionadas con anterioridade, incluso se o motivo alegado foi a perda das mesmas.

ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN NOS CENTROS EN SITUACIÓNS DE ENFERMIDADE ORDINARIA OU COMÚN E EN CASOS DE ENFERMEDADES CRÓNICAS QUE POIDAN CURSAR CON CRISES QUE POÑAN EN PERIGO REALE GRAVE A SAÚDE DO MENOR.

Ven recollido no Protocolo de administración de medicamentos.

12. DOCUMENTOS MARCO O DE REFERENCIA

CARÁCTER PROPIO

A Entidade Titular ten dereito a establecer e modificar o Carácter Propio do Centro. Devandito documento inspirará os outros documentos básicos de referencia nos cales se explicitará a unidade escolapia de Piedade e Letras. O Carácter Propio do Centro define:

- a) A natureza, características e finalidades fundamentais do Centro, a razón de a súa fundación, a súa misión.
- b) A visión de home e de persoa que orienta a súa acción educativa.
- c) Os valores, actitudes e comportamentos que se potencian no Centro.
- d) O estilo e os criterios pedagóxicos básicos do Centro.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

O Proxecto Educativo de Centro, ten como modelo de inspiración e referencia o Proxecto Educativo Integral (P.E.I.) proposto por Escolas Pías Provincia Betania. Incorpora todos os documentos programáticos da Provincia e prioriza os seus obxectivos para un período de tempo determinado, respondendo as demandas que se presentan con maior relevancia á luz da análise de:

- a) A contorna inmediata no que se sitúa o Centro.
- b) As características dos membros da Comunidade Educativa Escolapia.
- c) A realidade social, inmediata e as prioridades pastorais e educativas da Orde das Escolas Pías.

CONCRECCIÓN CURRICULAR (PROXECTO CURRICULAR DE ETAPA)

A Concreción Curricular adapta as finalidades que deben desenvolverse na mesma, relacionando entre si as distintas facetas da acción educativa do Centro, de acordo con o seu Proxecto Educativo.

A Concreción Curricular incluírá, polo menos:

- a) Xustificación do proxecto curricular de etapa
- b) A concreción dos obxectivos da mesma.
- c) A secuenciación dos contidos e as programacións de aula.
- d) A metodoloxía pedagóxica.
- e) Os criterios de avaliación, cualificación e promoción.
- f) As medidas para atender á diversidade.
- g) As medidas de coordinación de cada área ou materia co resto dos ensinos impartidos no Centro.

A Concreción Curricular é aprobado polo Claustro. Dirixe a súa elaboración, execución e avaliación o Director Pedagóxico.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL / PLAN ESTRATÉXICO

A Programación Xeral Anual do Centro, baseada na avaliación e dinámica do mesmo e da súa contorna, incluírá:

- a) As modificacións do Proxecto Curricular de Etapa derivadas do resultado da avaliación do mesmo.
- b) Os horarios dos alumnos e do profesorado.
- c) As accións de formación permanente do profesorado.
- d) O procedemento de avaliación dos diversos aspectos do Centro (Dirección, función docente, formativos, pastorais) incorporados ao seu Proxecto Educativo.

A Programación Xeral Anual do Centro é elaborada polo Equipo Directivo e aprobada polo Claustro e Consello Escolar a proposta do Director Xeral que dirixe a súa elaboración, execución e avaliación. Os plans de mellora do Centro elaboraranse a partir da memoria final do curso anterior e forman parte da P.X.A.

MEMORIA

A Memoria Anual recolle os resultados finais de reflexión e avaliación que os distintos sectores da Comunidade Educativa realizan sobre o desenvolvemento da Programación Xeral Anual e o Plan de Mellora do Centro, tendo como referente os plans específicos.



A elaboración corresponde ao Claustro de Profesores; a súa dirección e avaliación ao Director Xeral. A súa aprobación corresponde ao Consello Escolar de Centro, converténdose así no punto de partida da Programación Xeral Anual e o Plan de Mellora para curso seguinte.

O Informe de Revisión pola Dirección prescrito polo Plan de Xestión de Calidade, incorporárase á Memoria Anual.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DOS SEMINARIOS

Cada seminario realizará a programación das materias que integran os mesmos, conforme ás determinacións do Proxecto Curricular da Etapa e en coordinación cos outros profesores de cada Ciclo ou curso. A mesma será avaliada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica da Etapa correspondente.

PROGRAMACIÓN DE AULA

Os profesores de cada área realizarán a programación de aula conforme ás determinacións do Proxecto Curricular da Etapa e en coordinación cos outros profesores do mesmo Ciclo ou curso. A mesma será avaliada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica da Etapa correspondente. A programación de aula debe axustarse ao que esixa a lexislación vixente.

SISTEMA DE XESTIÓN DE CALIDADE

É o instrumento para a verificación do cumprimento dos obxectivos do Centro e a base para a adopción de medidas correctivas para un mellor logro dos seus fins. Abarca todos os aspectos do funcionamento do Centro e o Equipo Directivo Educativo e/o Equipo de Xestión de Calidade que implicará a toda a Comunidade Educativa Escolapia no mesmo. Dirixe a súa elaboración e execución o Coordinador de Calidade en unión do seu equipo.

13. APROBACIÓN DO CLAUSTRO

Este documento foi presentado e aprobado polo Claustro de Profesores o día 26 de setembro de 2024 para a súa aprobación no Consello Escolar.

14. APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR.

Na reunión do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 30 de setembro de 2024, presentase e aprobouse o documento que recolle as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

15. APLICACIÓN, DIFUSIÓN E SEGUIMENTO DAS NOF E DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no Plan de convivencia do centro.

O equipo directivo do centro, o Claustro e o Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para difundir NOFC e as normas de convivencia na comunidade educativa.



APROBACIÓN DAS NOFC POLO CLAUSTRO DE PROFESORES

As presentes Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, modificadas pola publicación da LEI 5/2024 de 27 de decembro, foron presentadas e aprobadas polo Claustro de profesores na reunión do día 30 de xaneiro de 2025, quedando recollido na Acta correspondente.

Asdo. Laura Luengo Corbal

Secretaria



Vº e Pº

Asdo. Alberte Velo Miranda

Director Xeral

APROBACIÓN DAS NOFC POLO CONSELLO ESCOLAR

As presentes Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, modificadas pola publicación da LEI 5/2024 de 27 de decembro, foron presentadas e aprobadas polo Consello Escolar do Centro na reunión do día 30 de xaneiro de 2025, quedando recollido na Acta correspondente.

Asdo. Mónica Alfaro Barbará

Secretaria do Consello Escolar



Vº e Pº

Asdo. Alberte Velo Miranda

Presidente do Consello Escolar